



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ (SOGAPS) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO “URXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS A CAUSA DO COVID-19”

(1)) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

(2) Antecedentes:

Dende o ano 2006, a Xunta de Galicia (tanto a través da extinta Fundación Axencia Humanitaria de Galicia como a través da D.X. de Relacións Exteriores e coa UE) vén executando proxectos e programas en países con dificultade na cobertura das necesidades básicas de saúde e alimentación da súa poboación, como é o caso do Sáhara, a través da provisión de fondos que permitan dar resposta ás situacións críticas que se están a producir.

Esta colaboración ven realizándose coa Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (no sucesivo SOGAPS) que é unha entidade sen ánimo de lucro e ten entre os seus fins o de propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria co pobo saharauí. Ademais a SOGAPS é a única asociación galega recoñecida polo pobo saharauí para a formulación e realización de proxectos nos campamentos de refuxiados en Tindouf, e ven colaborando dende fai anos con diferentes iniciativas, entre outras, de garantía da seguridade alimentaria e apoio ao sistema sanitario de atención primaria.



(3) **Finalidade:** co fin de dar continuidade á colaboración coa Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) para a mellora das condicións de saúde da poboación saharauí, tense previsto formalizar o instrumento convencional por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xullo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

(4) O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a SOGAPS no proxecto “Urxencia alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharauís a causa do COVID-19”.

(5) Tendo en conta a natureza das actividades desenvolvidas pola Asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, a experiencia acumulada e a implantación sobre o terreo (é a única asociación galega recoñecida polo pobo saharauí para a formulación e realización de proxectos nos campamentos de refuxiados en Tindouf), de que a canalización destas actividades convén efectualas por medio de entidades que coñezan o terreo e que dispoñan dunha infraestrutura operativa para garantir o éxito e bo fin das intervencións, cabe concluír que dada a especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza específica da entidade destinataria da subvención, así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención..

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de cen mil euros (100.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.2





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar..

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela



Xacobeo 2021

